

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 21.12.2018 co Concello de Lalín o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o estrito cumprimento de todos os seus termos, estando sometido ao límite establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre o Concello de Lalín e o Servizo Galego de Saúde para a construción dun novo centro de saúde que ademais conteña as instalacións sanitarias que se autoricen no plan funcional e que pasará a ser un Centro Integral de Saúde na comarca de Deza

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que a sinatura deste convenio non implica en si mesma gasto para o Servizo Galego de Saúde, nin a Consellería de Sanidade.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesaria a construción dun Centro Integral de Saúde no Concello de Lalín que acollerá ao actual centro de saúde e ás instalacións sanitarias que se autoricen no plan funcional.

As partes asinantes, consideran que este convenio resulta esencial para que cada unha delas asuma as obrigas necesarias de cara a posta en marcha dun proxecto que preste unha atención máis especializada na area rural.

Polo tanto, ambas partes entenden, que parece razoable que o executado debe cumprir cos requisitos tanto da Administración sanitaria como da Administración municipal, conxugando as necesidades asistenciais co ordenamento urbanístico e de infraestruturas do concello.

Conscientes de dita necesidade as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de construción, é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

